

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Resolución do 12 de xaneiro de 2009 pola que se publica o resultado do proceso de selección da primeira convocatoria de programas de desenvolvemento rural e de selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013.

O 30 de maio de 2008 o Consello de Dirección de Agader aprobou as bases reguladoras para a selección de programas de desenvolvemento rural e para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural (GDR) como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, cofinanciado con Feader, e convocou o correspondente proceso de selección. O citado acordo publicouse mediante resolución do director xeral de Agader do 30 de maio de 2008 no DOG nº 115, do 16 de xuño (corrección de erros DOG nº 140, do 21 de xullo).

Para o financiamento do programa Leader Galicia 2007-2013 preveuse unha dotación orzamentaria máxima de 142.846.735 €, coa participación financeira do Feader, da Administración xeral do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, que se satisfará con cargo ás seguintes contas orzamentarias:

-01/01 01/41/10 656800, que representa o 80% do orzamento dispoñible e destinarase ao financiamento das medidas da estratexia dos programas de desenvolvemento rural.

-01/01 01/43/10 656800, que representa o 20% do orzamento dispoñible e destinarase ao financiamento dos gastos de funcionamento dos GDR e da medida 431 dos programas de desenvolvemento rural.

O 21,178% da antedita dotación orzamentaria está destinado á reserva de eficacia, que se distribuirá en 2010 entre os GDR.

O Consello de Dirección de Agader do 23 de decembro resolveu a primeira convocatoria de selección de programas de desenvolvemento rural e de selección e recoñecemento dos GDR como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013.

Tendo en conta o anterior, de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo as facultades conferidas polo artigo 10.2ª a) do Regulamento de Agader, aprobado polo Decreto 79/2001, do 6 de abril,

RESOLVO:

Publicar no *Diario Oficial de Galicia* o resultado do proceso de selección da primeira convocatoria de programas de desenvolvemento rural e de selección e recoñecemento dos GDR como entidades colaboradoras na xestión do programa Leader Galicia 2007-2013, convocadas polo acordo do Consello de Dirección de

Agader do 30 de maio de 2008, de acordo co anexo que se xunta.

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2009.

Edelmiro López Iglesias
Director xeral da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

ANEXO

Grupo de desenvolvemento rural	Ámbito territorial	Fondos asignados
Asociación de Desenvolvemento da Comarca da Mariña	GDR-01	3.614.428 €
Asociación de Desenvolvemento Comarcal da Terra Chá	GDR-02	5.370.547 €
Asociación Montes e Vales	GDR-03	3.368.084 €
Asociación Terras de Lugo	GDR-04	2.915.424 €
Asociación de Desenvolvemento Rural Ancares Courel	GDR-05	3.805.531 €
Asociación Os Sete Castros	GDR-06	3.034.735 €
Asociación Miño-Ulla	GDR-07	3.864.033 €
Grupo de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra	GDR-08	5.199.028 €
Asociación de Desenvolvemento Rural Comarca de Ourense	GDR-10	2.608.717 €
Asociación Para o Desenvolvemento Rural Sil-Bibi-Navea	GDR-11	3.342.021 €
Asociación GDR Valdeorras	GDR-12	2.826.075 €
Asociación Monteal	GDR-13	3.705.438 €
Grupo de Desenvolvemento Rural da Limia	GDR-14	2.584.662 €
Asociación Avinza GDR 15	GDR-15	2.629.940 €
Asociación O Vieiro	GDR-16	3.632.596 €
Asociación de Desenvolvemento Comarcal Condado Paradanta	GDR-17	4.245.321 €
Asociación Grupo Desenvolvemento Rural-MAIV-Baixo Miño	GDR-18	5.314.855 €
Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra-Morrazo	GDR-19	4.231.311 €
Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Umia-Lérez	GDR-20	4.335.092 €
Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés 21	GDR-21	2.326.632 €
Asociación de Desenvolvemento Rural Terras do Deza	GDR-22	4.487.348 €
Asociación Terras de Compostela	GDR-24	3.921.833 €
Asociación Costa da Morte GDR	GDR-26	3.580.607 €
Asociación Para o Desenvolvemento da Comarca de Bergantiños	GDR-27	3.090.888 €
Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes	GDR-28	3.250.247 €
Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos	GDR-29	4.088.704 €
Asociación Euroeume	GDR-30	2.723.139 €
Asociación Costa Noroeste	GDR-31	3.599.960 €
Total GDR primeira convocatoria.....		101.697.197 €

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 22 de xaneiro de 2009 pola que se comunica a denegación de axuda ás empresas que se relacionan, ao abeiro das bases reguladoras do Programa Innoempresa en Galicia.

Intentada a notificación persoal e devolta polo servizo de correos ao resultar imposible a súa práctica, de conformidade co establecido no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), mediante esta resolución ponse en coñecemento das empresas